

Carlos Callón, autor de 'Vidas e historias LGBT da Idade Media': "O pasado tamén fala do presente, e iso incomoda"

Esta quinta feira chegou ás librarías de todo o país o libro *Vidas e historias LGBT da Idade Media* (Xerais, 2025), do que *Sermos Galiza* publicou o pasado sábado un adianto en exclusiva. O profesor e filólogo Carlos Callón (Ribeira, 1976) pretende, con este ensaio, verter luz sobre a diversidade LGBT ao longo da Idade Media.

Alba A. Freixanes

17 de xaneiro de 2025

<https://www.nosdiario.gal/articulo/social/carlos-callon-autor-vidas-historias-lgbt-da-idade-media/20250117073415214782.html>

–Que podemos descubrir sobre a historia da Galiza con este libro?

A obra achega ángulos sorprendentes sobre a historia da Galiza. Amósase documentación que non estaba oculta mais na que normalmente non se repara; de maneira que rompe cos esquemas do que podemos pensar sobre a Idade Media puritana e exclusivamente cristiá.

Cando se publicou un adianto do libro no *Sermos Galiza*, a resposta que se recibiu foi moi... “intensa”. Isto demostra que cando falamos do pasado en realidade tamén estamos a falar do presente e do futuro; iso é o que realmente incomoda a moita xente. Trátase de persoas que pensan que a dimensión LGBT do ser humano é algo que só se dá no presente e hai que “soportar”, mais que non existía onte, ao contrario do que mostran as imaxes e documentos escritos que nos achegan esa visión plural do pasado, rompendo os prexuízos de quen queren ler e atender o que di a documentación. A ignorancia é libre.

–Por que decidiu embarcarse nun proxecto como este?

Cando estaba rematando os estudos na universidade comecei a investigar sobre estes temas, mais nun inicio pensaba que só atoparía os clásicos textos condenatorios. A miña sorpresa foi que me acabei atopando cunha avalancha de documentación con textoslésbicos, da historia da transexualidade, sobre a homosexualidade masculina... mais con visións completamente distintas do que entendemos hoxe como a mentalidade propia da Idade Media.

–Como reaccionou ante a polémica e os insultos recibidos a raíz da publicación dun adianto en exclusiva do libro no *Sermos Galiza* do pasado sábado?

Aínda que sabía que ía haber ataques, non esperaba que fosen tantos... e sen sequera saír o libro. Ningunha das persoas que rachou as vestimentas, que me ameazou ou que pediu a censura do libro o leu. Ademais, a maioría seguramente tampouco leu o adianto do *Sermos Galiza*, simplemente leron o titular e xa se lanzaron. Isto demostra como de necesarios son estudos coma este.

Porén, é moi importante destacar as mostras de amor e de interese; non todo foi odio. Non debemos eclipsar todo o apoio que recibimos por parte de asociacións, de medios, de colectivos e de persoas a nivel individual. Existe a vontade de saber. O próximo 23 de xaneiro presentamos o libro na Librería Couceiro de Compostela non só como un acto de presentación, senón tamén de defensa da liberdade de investigación e de expresión.

–Como está a ser a acollida do libro nestas primeiras horas?

Temos sensacións moi positivas. Algunhas librarías contactaron con nós para comunicarnos que xa se esgotaron os exemplares e noutras tiveron que racionalizalos, conseguindo entrar na lista de ensaios máis vendidos no conxunto do Estado español.